

D^a. ISAURA ABELAIRAS RODRÍGUEZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **27 de xullo de 2015**, adoptou o seguinte acordo:

8.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO EN DEPENDENCIAS DA REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS. EXPTE. 936/341.

Dáse conta da proposta de data 17.07.15, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 17 de xullo de 2015, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

8.- Clasificación

- a)** *Procedemento aberto para a contratación do servizo de atención ao público en dependencias da rede de museos Municipais (expediente 936-341)*

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 28-04-2015, 04-05-2015, 02-06-2015, 05-06-2015, 11-06-2015 e 14-07-2015 e dos informes da xefe do servizo de Museos, do xefe do servizo de Xestión e Promoción cultural e dos directores dos museos municipais, de datas 30 de abril, 26 de maio, 8 de xuño e 8 de xullo de 2015, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir da presente licitación as mercantís ALIANZAS E SUBCONTRATAS, S.A., UTE V-2 COMPLEMENTOS AUXILIARES, S.A.- CEE V-2 COMPLEMENTOS AUXILIARES, S.A, e SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación do servizo de atención ao público en dependencias da rede de museos Municipais” no seguinte orde decrecente:

1. SERVICIOS SECURITAS S.A.	92,27
2. BRÓCOLI S.L.	86,75
3. STENDHAL MUSEUM SOLUTION SL	79,39
4. COYMA SERVICIOS GENERALES SL	75,13
5. INSTITUTO DE GESTIÓN SANITARIA SAU	71,57
6. CLECE S.A.	52,13
7. SERVICIOS GENERALES S.L.	41,74

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERVICIOS SECURITAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 600.000 euros.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 604,70 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a vinte e nove de xullo do ano dous mil quince.

me

V. e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez.